

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Participación

Convocatoria de subvencións a entidades veciñais do concello de Ferrol do ano 2014

ANUNCIO

Convocatoria de subvencións a entidades veciñais do Concello de Ferrol do ano 2014

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o 27 de marzo de 2014, adoptou un acordo de aprobar as “Bases reguladoras da convocatoria de subvencións a entidades veciñais do Concello de Ferrol do ano 2014 e acordos complementarios”, que na súa parte dispositiva di:

Primeiro.–Aprobar as Bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades veciñais do Concello de Ferrol do ano 2014 e que se adxuntan como anexo da presente proposta.

Segundo.–Autorizar un gasto por importe de noventa mil euros (90.000 €) con cargo á aplicación presupostaria 01103-9201-48000 para facerlles fronte aos importes das subvencións que se pretenden outorgar.

Terceiro.–Aprobar a convocatoria pública para a concesión de subvencións a entidades veciñais do Concello de Ferrol do ano 2014, concedendo un prazo de presentación de solicitudes de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia”.

ANEXO

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES VECIÑAIS DO CONCELLO DE FERROL DO ANO 2014

LIÑAS EXTRATÉXICAS

A Concellería de Participación do Concello de Ferrol ten entre as súas prioridades o apoio ás entidades veciñais do noso Concello como motores e garantes da participación cidadá efectiva, así como contribuír a impulsar as relacións humanas e sociais entre a veciñanza dos barrios e das parroquias.

Por tal motivo é interese deste Concello abrir dúas liñas de axudas dirixidas a estas entidades:

– En primeiro lugar, establecer unha liña de axudas para actividades e programas que fomenten as relacións veciñais e melloren a calidade de vida dos/as veciños/as de Ferrol e que logren o maior equilibrio posible entre as accións ás que poidan acceder os/as veciños/as da nosa cidade con independencia do barrio onde residan.

– En segundo lugar, establecer unha liña de axudas de cara a subvencionar os gastos de enerxía eléctrica dos locais sociais das entidades veciñais que os teñen que sufragar con recursos propios e que supoñen un gran lastre para as deficiarias economías destas entidades, co fin de romper así unha dinámica de discriminación histórica con respecto a outras entidades veciñais que non teñen que facer fronte a estes tipos de gastos, ben por estar a ocupar locais de titularidade municipal, ou ben porque o Concello de Ferrol xa se fixo cargo dende hai tempo do pagamento destes gastos por outras vías.

Por todo o anterior e en aplicación do establecido no artigo 17 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, Lei de subvencións de Galicia, e co fin de dar cumprimento ós principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como a eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante e a eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, o Concello de Ferrol, a través da Concellería de Participación, establece as seguintes normas reguladoras de concesión de subvencións a entidades veciñais que desenvolvan as súas actividades no termo municipal de Ferrol:

I. OBXECTO

1) A presente convocatoria de subvencións ten por obxecto a concesión de axudas económicas ás asociacións veciñais, ás federacións e ás agrupacións de asociacións veciñais con ámbito de actuación no Concello de Ferrol para os seguintes fins:

- Desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral.
- Gastos derivados da subministración de enerxía eléctrica dos locais sociais que sexan sufragados con fondos propios da entidade.

2) Terán a consideración de actividades ou programas de interese xeral, para os efectos da presente convocatoria, aqueles que fomenten a participación cidadá como medio de mellora da calidade de vida e das relacións veciñais e que se potencie o desenvolvemento das persoas, dos barrios e das parroquias do Concello de Ferrol mediante actividades de carácter social.

3) Serán subvencionables as seguintes actividades:

- De tipo físico: ximnasia, ioga, pilates, aerobio, etc.
- De ocio e tempo de lecer que promovan espazos de convivencia e encontro: obradoiros de traballos manuais, restauración, música, lectura, danza, risoterapia, etc.
- De tipo formativo e informativo á colectividade: obradoiros de xogos tradicionais, de recuperación da memoria histórica, xornadas de convivencia interxeracional, conferencias, coloquios, etc.

4) En ningún caso serán subvencionables os seguintes gastos:

- As viaxes de ocio e os gastos de manutención.
- Os establecidos no artigo 31.7 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

II. FINANCIAMENTO E MODALIDADES DAS AXUDAS

1) A contía global da presente convocatoria para o ano 2014 suma a cantidade de 90.000 euros (noventa mil euros), que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 01103-9201-480.00, distribuída en dúas modalidades de axudas:

- **Modalidade A.**—Gastos de actividades e programas: 78.000 euros: Comprenderán aqueles gastos que sexan necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade e que estean directamente relacionadas co obxecto da presente convocatoria.
- **Modalidade B.**—Gastos de enerxía eléctrica: 12.000 euros: Comprenderán aqueles gastos derivados da subministración de enerxía eléctrica dos locais sociais que sexan sufragados con fondos propios da entidade.

2) O importe da axuda ou subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que illada ou en concorrencia con outras axudas ou subvencións supere o custo da actividade subvencionada.

3) A concesión da subvención non xerará ningún dereito á súa percepción en futuras convocatorias.

III. ENTIDADES BENEFICIARIAS DAS AXUDAS. REQUISITOS E OBRIGAS

1) Poderán concorrer a esta convocatoria de subvencións todas as asociacións veciñais, as federacións e as agrupacións de asociacións veciñais que cumpran os requisitos e as finalidades desta convocatoria e que fomenten a participación entre os/as veciños/as con ámbito de actuación no Concello de Ferrol.

2) Para ser beneficiarias das axudas as entidades veciñais deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Ferrol.
- Ter na data de publicación da convocatoria os seus datos actualizados no Rexistro Municipal de Entidades.
- Ter os seus estatutos adaptados á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.
- Non estar incursas as entidades ou as persoas que posúen a súa representación legal nalgún dos supostos de prohibición para obter a condición de beneficiarios de subvencións por incapacidade ou incompatibilidade, establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- Estar ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria, e non ser debedor do Concello de Ferrol por calquera tipo de débeda de dereito público vencida, líquida e esixible por vía de prema.
- Ter debidamente xustificadas os gastos correspondentes a subvencións concedidas e percibidas con anterioridade dende a Concellería de Participación do Concello de Ferrol, así como non ter aberto ningún procedemento de reintegro das cantidades percibidas por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.
- Achegar coa solicitude para concorrer na convocatoria a documentación que se detalla na Base V destas bases reguladoras.

3) Os beneficiarios das axudas adquiren as seguintes obrigas:

- Realizar as actividades ou proxectos e cumprir os fins ou propósitos que fundamentan a concesión da subvención.
- Acreditar diante do Concello de Ferrol a realización da actividade, proxecto e cumprimento do seu fin.
- Facer constar en toda a publicidade e difusión das actividades e programas subvencionados a colaboración do Concello de Ferrol.
- Cumprir as condicións que se determinan nestas bases e na concesión da subvención ou axuda.
- Someterse ás actuacións de comprobación dos servizos correspondentes por razón da materia e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral do Concello de Ferrol.
- Comunicarlle ó Concello de Ferrol a obtención de axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración pública ou de particulares ou entidades privadas, así como doutros ingresos ou recursos que financien a actividade.
- Facilitar canta información puidese ser requirida polo Consello de Contas de Galicia e polo Tribunal de Contas do Estado.

IV. RÉXIMES DE CONCORRENCIA

1) As subvencións concederanse segundo os réximes que de seguido se citan, sen que en ningún caso o importe da subvención en concorrencia con outras axudas procedentes de calquera outra Administración pública ou de particulares ou de entidades privadas poida superar o custo da actividade a desenvolver pola entidade beneficiaria:

- **Réxime competitivo.**—Gastos de actividades e programas (modalidade A):
 - As actividades e programas poderán ser subvencionadas ata o 90 % por parte do Concello de Ferrol, que dependerá do número de solicitudes presentadas e do límite presupostario.
 - O aboamento da subvención farase previa xustificación dos gastos por parte da entidade beneficiaria na forma establecida na base XI das presentes bases reguladoras.
 - Os gastos que poden ser obxecto de subvención correspóndense coas actividades e programas desenvolvidos dende o 01/11/2013 ata o 01/11/2014 e que foran aboados con anterioridade á finalización do período de xustificación (15 de novembro de 2014).
- **Réxime non competitivo.**—Gastos de enerxía eléctrica (modalidade B):
 - Os gastos derivados da subministración de enerxía eléctrica dos locais sociais que sexan sufragados con fondos propios da entidade poderán ser subvencionados ata o 100 % dos gastos presentados, que dependerá do número de solicitudes presentadas e do límite presupostario establecido.
 - O aboamento da subvención farase previa xustificación dos gastos por parte da entidade beneficiaria na forma establecida na Base XI das presentes bases reguladoras.
 - Os gastos derivados da subministración de enerxía eléctrica que poden ser obxecto de subvención correspóndense con aqueles que foran aboados pola entidade no período comprendido entre o 01/01/2013 e o 31/12/2013.

V. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1) As solicitudes deberán formularse no modelo normalizado anexo I.—Modelo de solicitude de subvención, que se facilitarán no Rexistro Xeral, no departamento de Participación Cidadá ou na páxina web do Concello de Ferrol: www.ferrol.es.

2) Coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

– **Documentación xeral:**

- Fotocopia compulsada da tarxeta do CIF da entidade.
- Fotocopia compulsada dos estatutos da entidade.
- Certificación orixinal dos datos bancarios da entidade.
- Certificación orixinal acreditativa do acordo da Xunta Directiva da entidade da solicitude de subvención e do nomeamento do/a representante para as relacións co Concello de Ferrol.
- Fotocopia compulsada da tarxeta do NIF do/a representante da entidade.
- Certificación orixinal que acredite o número de socios activos da entidade, que terá que acadar un número mínimo de vinte.
- Certificacións acreditativas de estar ao corrente a entidade das súas obrigas de carácter tributario, da Seguridade Social e dos tributos municipais.
- Declaración xurada do/a representante da entidade de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración pública establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

– **Documentación específica:**

- **Modalidade A.**–Memoria descritiva das actividades correspondentes ó período obxecto de subvención (anexo II).
- **Modalidade B.**–Relación detallada de facturas de enerxía eléctrica correspondentes ó período obxecto de subvención (anexo III, modalidade B, I.–Xustificación de gastos do consumo de enerxía eléctrica), xunto con facturas e xustificantes do seu aboamento, así como co resto da documentación esixida na Base XI das presentes bases reguladoras.

3) De conformidade co disposto no artigo 35, apartado f, da Lei 30/1992, se os documentos relativos ó apartado Documentación Xeral están en poder do Concello de Ferrol, a entidade solicitante non terá que volver a presentalos sempre que o prazo de validez destes non expire e deberá comunicar por escrito a data e a dependencia municipal na que se presentaron con anterioridade.

4) A documentación que se achegue en fotocopia deberá vir compulsada.

5) Conforme co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, todo defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación recollida nesta base deberá ser corrixido no prazo de 10 días hábiles contados dende o día seguinte ó da recepción do requirimento.

VI. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1) A solicitude normalizada da convocatoria (Anexo I) xunto coa documentación que se recolle na base anterior deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Ferrol.

2) O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

VII. TRAMITACIÓN E VALORACIÓN DE SOLICITUDES

1) O Concello de Ferrol a través do negociado de Participación revisará os expedientes de solicitude e verificará que conteñen a documentación xeral e específica esixida. Se resultase que a documentación estivese incompleta ou defectuosa, requirirase á entidade solicitante que no prazo de dez días hábiles achegue a documentación necesaria ou emende os defectos observados, e faráselle saber que en caso contrario, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que lle será notificada á entidade solicitante nos termos establecidos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2) As valoracións das solicitudes e a formulación das correspondentes propostas de concesión de subvencións realizaras unha Comisión de Valoración constituída para o efecto, que terá a seguinte composición:

- Presidente: a concelleira delegada de Participación.
- Un representante de cada grupo municipal.

- Dous representantes das entidades veciñais, que serán elixidos por sorteo de entre todas as asociacións veciñais inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Ferrol que presentasen solicitude de subvención dentro desta concovatoria, con voz e sen voto.
- Un/unha técnico/a da Concellería de Participación.
- Un/unha funcionario/a do negociado de Participación que actuará como secretario/a da Comisión de Valoración.

A Comisión de Valoración, se o considera conveniente, poderá requirir a presenza ou o asesoramento de expertos na materia ou en materias concretas.

3) Establécense como criterios de valoración das solicitudes do réxime de concorrencia competitiva (Modalidade A: Actividades e programas) os seguintes:

CRITERIOS COMÚNS	ATA 70 PUNTOS
Nivel de representatividade da asociación no seu territorio (número de socios/as)	Ata 10 puntos
Poboación da área xeográfica de influencia	Ata 20 puntos
Grao de innovación das actividades e déficit de actividades análogas no territorio de influencia	Ata 10 puntos
Número de actividades desenvolvidas e persoas que participan	Ata 20 puntos
Duración temporal das actividades	Ata 10 puntos

CRITERIOS TRANSVERSAIS	ATA 30 PUNTOS
Nivel de colaboración con outras entidades cidadás para o desenvolvemento de actividades	Ata 5 puntos
Promoción da participación cidadá e dinamización comunitaria	Ata 10 puntos
Colectivos ós que se dirixen as actividades (xuventude, muller, terceira idade)	Ata 10 puntos
Promoción da lingua galega como obxectivo no desenvolvemento das actividades	Ata 5 puntos

VIII. RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCIONS

A resolución da concesión de subvencións realizarase por decreto da concelleira delegada de Participación e deberá notificárselles expresamente a todos os solicitantes de forma fidedigna.

IX. PUBLICIDADE DA CONCESIÓN / DENEGACIÓN DAS SUBVENCIONS

O Concello de Ferrol publicará no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web do Concello no mes seguinte a cada trimestre natural o correspondente anuncio comprensivo da convocatoria, o programa, o crédito presupostario ó que se imputan, o nome ou razón social dos beneficiarios, o CIF dos beneficiarios, a cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención, salvo nos casos de subvencións no que o importe individual non exceda de 3.000 euros, dos que non será necesaria a publicación no citado boletín e abondará soamente coa publicación na páxina web do Concello.

X. ABOAMENTO DAS SUBVENCIONS

O Concello de Ferrol realizará o aboamento da subvención trala xustificación previa da realización das actividades e/ou dos gastos de consumos de enerxía eléctrica por parte da entidade beneficiaria.

XI. XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS

A entidade beneficiaria da subvención estará obrigada a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos.

A xustificación dos gastos conforme coa fin para a que a axuda foi concedida deberá realizarse mediante a achega da conta xustificativa, segundo o modelo anexo III, que, en todo caso, deberá incluír:

1) De xeito común para as modalidades A (actividades e programas) e modalidade B (gastos de enerxía eléctrica):

- Facturas orixinais polo importe total da subvención concedida ó abeiro do establecido no artigo 30.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro (Lei xeral de subvencións e o seu regulamento).

Poderase xustificar con copias compulsadas sempre que previamente na factura orixinal se inclúa a seguinte dilixencia asinada polo responsable da entidade veciñal:

“Dilixencia.–En cumprimento da Lei 38/2003 esta factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención da área de Participación do Concello de Ferrol do ano 2014”

- Xustificantes do pagamento das facturas:

– No caso do pagamento mediante transferencia bancaria: xustificante bancario.

– No caso de pagamentos por cheque nominativo: copia do cheque e extracto bancario onde conste o seu cargo na conta da entidade veciñal.

– Nos supostos de que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 € (IVE engadido), e deberá constar na propia factura ou documento equivalente recibín asinado pola persoa que recibe os fondos, con indicación do seu nome e apelidos e do seu DNI.

- Declaración xurada sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración pública ou de particulares ou de entidade privadas.

- Designación da conta bancaria na que se efectuarán os ingresos, segundo as normas establecidas pola Tesourería municipal. O modelo atópase na páxina web www.ferrol.es, sección de Administración: Trámites: Descarga de impresos: Tesourería: alta ou baixa de datos bancarios.

- Certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter tributario, da Seguridade Social e dos tributos municipais.

2) Especificamente para a modalidade A: Actividades e programas deberá achegarse:

- Relación clasificada dos gastos das actividades, con identificación do acredor e da factura ou documento equivalente, do seu importe, da data de emisión e da data de pagamento, de acordo co disposto no artigo 75 do R.d. 887/2006, do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións. (modelo anexo III, modalidade A, I.–Xustificación de gastos de actividades e programas).

- Relación detallada dos ingresos da entidade (modelo anexo III, modalidade A, II.–Xustificación de ingresos).

- Memoria da totalidade das actividades realizadas (modelo anexo III, modalidade A, III.–Resumo das actividades desenvolvidas).

3) Especificamente para a modalidade B: gastos de enerxía eléctrica deberá achegarse:

- Relación dos gastos de enerxía eléctrica, con identificación do acredor e da factura ou documento equivalente, do seu importe, da data de emisión e da data de pagamento (modelo anexo III, modalidade B, I. Xustificación de gastos do consumo de enerxía eléctrica).

No referente á modalidade A: actividades e programas admitiranse como gastos subvencionables os seguintes:

1. Gastos de xestión: materiais de administración, fotocopias, papel, bolígrafos, consumibles informáticos, etc.

2. Gastos de comunicación: teléfono, fax, correo.

Os apartados 1 e 2 non poderán superar o 20% do total da subvención outorgada.

3. Gastos de pequenos arranxos e mantementos nos locais sociais das entidades veciñais que sexan necesarios acometer para que estes reúnan as condicións necesarias que permitan garantir o desenvolvemento das actividades e programas propostos.

Os gastos deste apartado non poderán superar o 30% do total da subvención outorgada.

En ningún caso serán admitidos gastos inventariables (mobiliario, equipos informáticos, etc.).

4. Gastos de publicidade e difusión: imprenta, serigrafía, etc.

5. Gastos de transporte específicos das actividades: autocares, billetes de tren, de avión, etc.

6. Gastos de materiais consumibles específicos das actividades.

7. Asistencias técnicas: monitores/as, docencia, etc.

8. Outros gastos relacionados coas actividades executadas.

9. Cortesías de colaboración relacionadas coa actividade ou programa: agasallos, placas conmemorativas e cortesías gastronómicas, ata un máximo do 10% do total da subvención outorgada.

Os conceptos expresados nos xustificantes do gasto serán obrigatoriamente os que fosen motivo da subvención.

O prazo para a presentación da xustificación da subvención finalizará o día 15 de novembro de 2014.

Considerarase gasto realizado, segundo o artigo 31.2 da Lei Xeral de Subvencións, o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nas presentes bases. Polo tanto deberá acreditarse que se trata de gastos xa realizados e aboados.

A xustificación será obxecto de informe e proposta do órgano xestor, elevándose a dita proposta ó Concelleiro delegado de Participación para a súa aprobación.

No caso de non presentarse a xustificación dentro do prazo establecido a tal efecto, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que conlevará a perda do dereito de cobro da subvención.

No caso de que na conta xustificativa presentada se aprecien a existencia de defectos subsanables e ó amparo do previsto no artigo 71.2 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, notificaráselle á entidade beneficiaria da subvención outorgándolle un prazo de 10 días para a súa subsanación.

A subsanación limitarase á corrección de defectos formais da documentación presentada dentro do prazo para a xustificación, non admitíndose en ningún caso a achega de nova documentación xustificativa rexendo o principio de inalterabilidade da conta xustificativa rendida en prazo.

XII. PERDA DO DEREITO DE COBRAMENTO E REINTEGRO DAS SUBVENCIONS

O Concello de Ferrol obrigará ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e á esixencia do interese legal que resulte da aplicación dende o momento do aboamento da subvención ata a data de reintegro nos seguintes supostos:

- Incumprimento da obriga da xustificación.
- Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión do financiamento público recibido.
- Incumprimento das obrigas establecidas con motivo da concesión da subvención.
- Calquera outra causa das establecidas nos artigos 36 e seguintes da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e nos artigos 91 a 93 do Regulamento xeral de subvencións.

Así mesmo, procederá o reintegro do exceso nos supostos en que por concesión de subvencións ou axudas por outras Administracións públicas, entidades públicas ou privadas, a contía das subvencións ou axudas supere o custo total da actividade ou programa obxecto da subvención.

As cantidades a reintegrar terán a consideración para todos os efectos de ingresos de dereito público.

O réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións rexerese polo disposto no artigo 52 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e pola demais normativa que se dite para a súa aplicación ou desenvolvemento.

XIII. ANUNCIOS E CÓMPUTO DE PRAZOS

Cantos anuncios e notificacións se deriven da presente convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Ferrol coa excepción do anuncio da convocatoria e do anuncio da concesión de subvencións, que se efectuará no Boletín Oficial da Provincia da Coruña ou na páxina web do Concello de ser o caso.

XIV. RECURSOS E IMPUGNACIÓNS

As presentes bases e cantos actos administrativos se deriven delas poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma establecida na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

XV. LINGUA VEHICULAR

Todos os documentos que se deriven desta relación de vencellamento entre o Concello de Ferrol e a entidade beneficiaria da subvención redactaranse en lingua galega así como toda presenza pública (rótulos, indicadores na rúa, publicidade de calquera tipo, etc.) das actividades subvencionadas.

DISPOSICIÓN FINAL

En todo o non previsto nesta convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu regulamento, na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no disposto nas Bases de execución do orzamento do Concello de Ferrol para o ano 2014.

Para os efectos de salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos establecidos pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ó Rexistro público de entidades do Concello de Ferrol.

ANEXO I**MODELO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN**

MODELO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN ENTIDADES VECIÑAIS 2014

I.-DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
ENTIDADE:	CIF:
ENDEREZO:	CÓDIGO POSTAL:
TELÉFONO/S:	CORREO ELECTRÓNICO:
REPRESENTANTE:	NIF:

II.-MODALIDADE DE SUBVENCIÓN Á QUE OPTA * (sinale cunha X no recadro que corresponda)	
<input type="checkbox"/>	MODALIDADE A: Actividades e programas
<input type="checkbox"/>	MODALIDADE B: Gastos derivados da subministración de enerxía eléctrica

* No suposto de optar ás dúas modalidades sinale cunha X nos dous recadros.

III.-DECLARACIÓN XURADA

Declaro baixo miña responsabilidade que a entidade á que represento:

- | | |
|------|---|
| 1.º) | Coñece e acepta as bases reguladoras que rexen a presente convocatoria de subvencións. |
| 2.º) | Que achego xunto con esta solicitude a documentación xeral e específica recollida nas bases reguladoras da presente convocatoria. |

Ferrol, _____ de _____ de _____

O/a representante da entidade solicitante

Asdo: _____

Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Ferrol

ANEXO II

MODELO DE MEMORIA DAS ACTIVIDADES

I.-DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
ENTIDADE:	CIF:
ENDEREZO:	CÓDIGO POSTAL:
TELÉFONO/S:	CORREO ELECTRÓNICO:
REPRESENTANTE:	NIF:

II.-MEMORIA DAS ACTIVIDADES OBXECTO DE SUBVENCIÓN			
ACTIVIDADE	Descrición:		
Data/s de realización:			
Destinatarios/as:		Orzamento:	€
ACTIVIDADE	Descrición:		
Data/s de realización:			
Destinatarios/as:		Orzamento:	€
ACTIVIDADE	Descrición:		
Data/s de realización:			
Destinatarios/as:		Orzamento:	€

Ferrol, _____ de _____ de _____

O/a representante da entidade solicitante

Asdo: _____

Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Ferrol

ANEXO III

MODELO DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

MODALIDADE A: ACTIVIDADES E PROGRAMAS

II.-XUSTIFICACIÓN DE INGRESOS		
ENTIDADE / ASOCIACIÓN		CIF
CONCEPTO	PROCEDENCIA	IMPORTE
Achegas de socios/as	Por cotas	€
Subvencións do Concello de Ferrol	Describir a procedencia:	
		€
		€
		€
		€
		€
		€
Subvencións doutras Administracións ou entidades públicas ou privadas	Describir a procedencia:	
		€
		€
		€
		€
Outros ingresos, de ser o caso	Describir a procedencia:	
		€
		€
	IMPORTE TOTAL:	€

Ferrol, _____ de _____ de _____

O/a presidente/a

O/a tesoureiro/a

Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Ferrol

ANEXO III

MODELO DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

MODALIDADE A: ACTIVIDADES E PROGRAMAS

III.-RESUMO DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS		
ENTIDADE / ASOCIACIÓN		CIF
TIPO DE ACTIVIDADE (indicar a que proceda das descritas na base I das Bases reguladoras)	DATA	BREVE DESCRICIÓN (Indicar o nº de persoas participantes)

Ferrol, _____ de _____ de _____

O/a presidente/a

O/a tesoureiro/a

Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Ferrol

ANEXO III

MODELO DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

MODALIDADE B: GASTOS DERIVADOS DA SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA DOS LOCAIS SOCIAIS

I.-XUSTIFICACIÓN DE GASTOS DO CONSUMO DE ENERXÍA ELÉCTRICA					
ENTIDADE / ASOCIACIÓN					CIF
Provedor	N.º factura	Data da factura	Período facturación	Data do pago	Importe
					€
					€
					€
					€
					€
					€
					€
					€
					€
					€
					€
					€
				IMPORTE TOTAL:	€

Ferrol, _____ de _____ de _____

O/a presidente/a O/a tesoureiro/a

Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Ferrol

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ferrol, 9 de abril de 2014.

A concelleira delegada de Participación, Comunicación, Novas Tecnoloxías e Atención ó Cidadán e ós Barrios,
por delegación da Alcaldía de data 30/04/2013, BOP do 16/05/2013

Martina Aneiros Barros